# ·c·a·d·e·r·n·o·s·

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL



# SECTOR LÁCTEO

Unha loita construtiva polo futuro lácteo do país
Francisco Bello

Con excedentes, os prezos do leite seguirán a ser ruinosos
Isabel Villalba Seivane

A produción de leite sen cotas en Galicia
Francisco Sineiro García

A cadea láctea en Galicia: retos e estratexias nun mercado liberalizado
Edelmiro López Iglesias

Paisaxe para despois do conflito
Roberto García González

A desaparición das cotas: ¿ameaza ou oportunidade?
José Ángel Burgo Rodil

El sector lácteo, en la encrucijada
José Luis Antuña Álvarez

Nº 5 • ANO 2015

·c·a·d·e·r·n·o·s·

é unha publicación do Consello Económico e Social de Galicia

A responsabilidade das opinións expresadas nesta publicación corresponde exclusivamente a os seus autores e en caso ningún supoñen que o Consello Económico e Social de Galicia se identifique coas mesmas.

CES GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

Algalia de abaixo, nº 24
15704 - Santiago de Compostela
981 54 16 50
e-mail: cadernos@ces-galicia.org

Todos os traballos do CES-Galicia poden atoparse en

**www.ces-galicia.org**

# •c•a•d•e•r•n•o•s•

Nº 5 • **ANO 2015**

4 Limiar

5 A cadea láctea en Galicia:
retos e estratexias nun mercado liberalizado

Edelmiro López Iglesias

10 Paisaxe para despois do conflito

Roberto García González

13 Unha loita construtiva polo futuro lácteo do país

Francisco Bello

15 Con excedentes, os prezos do leite seguirán a ser ruinosos

Isabel Villalba Seivane

20 A produción de leite sen cotas en Galicia

Francisco Sineiro García

27 A desaparición de cotas: ¿ameaza ou oportunidade?

José Ángel Burgo Rodil

32 El sector lácteo, en la encrucijada

José Luis Antuña Álvarez

# Limiar

O Consello Económico e Social de Galicia continúa con este número a súa colección *•c•a•d•e•r•n•o•s•*, unha iniciativa que pretende amosar do xeito máis plural as diferentes visións dos expertos e os actores socioeconómicos sobre o tema elixido.

Nos últimos meses, o sector lácteo tivo notable protagonismo nos medios de comunicación, con mobilizacións diversas, principios de acordo e novas espectativas. Desde o CES, pensamos que era unha boa ocasión para aportar elementos de reflexión para o diálogo, este número está adicado ao sector lácteo. O fin do sistema de cotas, o novo esceario que plantexa ou as recentes mobilizacións protagonizadas polos gandeiros trouxeron ao primer plano da actualidade a un sector primordial para Galicia. Convén lembrar que o leite é a principal produción da agricultura galega non só en termos económicos e sociais, senón tamén desde un punto de vista territorial.

Tentamos traer a estas páxinas puntos de vista diversos. Contamos coa visión académica de economistas; coa opinión de primeira man dos representantes dos sindicatos agrarios; tamén, da perspectiva da industria; e incluímos asimesmo o punto de vista da Administración galega. Quero agradecer a todos eles a súa excelente disposición e a súa colaboración co CES. Entre todas as súas aportacións, cremos que podemos ter unha boa "foto" da situación a das perspectivas de futuro do sector.

Esta colección non é unha publicación periódica, pero xa estamos a traballar no seguinte número. Agardo que a iniciativa que agora relanzamos sexa de interese e, sobre todo, útil para poñer en valor o esforzo de diálogo e entendemento que tentamos manter no CES.

*Corina Porro Martínez*
PRESIDENTA

# A cadea láctea en Galicia: retos e estratexias nun mercado liberalizado

Edelmiro López Iglesias

No ano 2015 o sector lácteo volveu saltar en Galicia aos titulares dos medios de comunicación debido, igual que en episodios anteriores, ás mobilizacións dos gandeiros. Mobilizacións centradas neste caso nos baixos prezos e tamén na falta de garantía de recollida da súa produción. Máis alá da conxuntura inmediata, neste texto pretendemos aportar un breve diagnóstico sobre as perspectivas a medio prazo do sector no novo contexto europeo e mundial. Ten futuro o complexo lácteo galego (actividades ligadas á produción e transformación do leite) nun mercado liberalizado?; cales son as súas fortalezas e debilidades?; que actuacións serían prioritarias?. Son estas as cuestións sobre as que tentamos aportar o noso punto de vista.

**Edelmiro López Iglesias**
Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela

## A relevancia do complexo lácteo na economía galega

A pesar de todas as dificultades, e da percepción social de que estamos ante un sector en crise permanente, nas tres décadas transcorridas desde a integración na Unión Europea o sector lácteo proseguiu en Galicia cun notable dinamismo produtivo. Nun contexto de acelerada reestruturación, que provocou que o número de explotacións se reducira a 1/10 (de 100.000 a menos de 10.000), o volume das entregas á industria fixo máis que duplicarse. Como resultado, esta constitúe hoxe, con diferenza, a principal rama do agro galego: as explotacións lácteas xestionan o 35% da superficie agraria e xeran o 44% do output do sector. Ao mesmo tempo, a nosa Comunidade é de lonxe a primeira potencia leiteira de España, aportando case o 40% da produción. E un dato menos coñecido: estamos entre as 10 primeiras rexións lácteas da UE.

Se consideramos o conxunto do complexo lácteo (actividades ligadas á produción e transformación do leite), este xera o 1,5% do PIB. Ao que debemos unir os fortes encadeamentos con outras ramas e a súa especial relevancia en moitas zonas rurais (da metade septentrional). Non obstante, este complexo produtivo presenta unha debilidade estrutural básica: a carencia dunha industria transformadora á altura do sector produtor. Resumido nun dato: a industria unicamente engade 26 céntimos a cada euro de VEB de produción láctea. Estamos, pois, ante unha cadea produtiva "truncada", que se limita esencialmente á obtención de materias primas e os derivados máis simples.

Galicia está entre as 10 primeiras rexións lácteas da UE

### Elementos que van condicionar o contexto a medio prazo

Partindo desa realidade, o complexo lácteo galego enfróntase actualmente a unha etapa crucial, como sucedeu hai 30 anos a raíz da integración na UE. Isto é así pola confluencia de catro elementos que foron cambiando o seu contexto na última década:

**i.** Tendencias dos mercados mundiais de produtos lácteos: incremento da demanda e prezos altos, pero cunha forte volatilidade.

**ii.** Alza e volatilidade do custo das materias primas para a alimentación animal.

**iii.** Mudanzas na demanda interna española como consecuencia da crise económica.

**iv.** Cambios na Política Agraria Común (PAC) desde 2003: progresiva liberalización do mercado lácteo, que culminou coa desaparición do sistema de cotas en abril de 2015; modificacións nas axudas directas ás explotacións previstas nos próximos anos, no marco da reforma da PAC 2014-2020.

Ese novo contexto, a escala internacional, europea e estatal, está orixinando importantes desafíos, pero tamén abre novas oportunidades. Para afrontalo partimos, como principal activo, dun núcleo duro de explotacións cun nivel tecnolóxico comparable ás zonas desenvolvidas da UE. Pero hai tres problemas que é preciso abordar:

**a.** O modelo produtivo das explotacións.

**b.** A debilidade da industria láctea, do tecido industrial e cooperativo.

**c.** A organización da cadea, das relacións entre gandeiros, industrias e distribución.

### Explotacións lácteas: necesidade de reorientarse cara a sistemas produtivos máis ligados á terra

Nas últimas décadas as explotacións lácteas en Galicia fixeron de forma máis que razonable "os deberes". Pero cun "punto negro" importante: as limitacións na base territorial levaron a que se consolidara como dominante un modelo intensivo fortemente dependente das compras de alimentos para o gando (elaborados con materias primas importadas). Este modelo funcionou aceptablemente no pasado, pero nos anos recentes estase enfrontando, e vaino facer no futuro, a dificultades cada vez maiores. O motivo principal é o encarecemento das materias primas para a alimentación animal desde 2007; ao que hai que unir a modificación nas axudas directas da PAC iniciada en 2015, coa tendencia á igualación dos pagos por hectárea –de momento moi gradual, pero que se vai intensificar no futuro–.

Nas últimas décadas as explotacións lácteas en Galicia fixeron de forma máis que razonable "os deberes"

Este novo contexto fai conveniente reorientar o modelo produtivo cara a sistemas máis baseados nos alimentos producidos na explotación (forraxes, millo, etc). Unha evolución que permitiría reducir os custos de produción, e mellorar a renda das explotacións, ao tempo que estas se fan menos vulnerables ante as oscilacións dos prezos das materias primas; e tamén faría posible avanzar cara a unha produción láctea máis sostible no plano ambiental, aproveitando as vantaxes comparativas de Galicia na produción forraxeira.

Nunha imaxe global, hoxe temos unhas 9.300 explotacións e 350.000 vacas de leite concentradas en 220.000 hectáreas de cultivos e pastos (7,5% do territorio galego). Un obxectivo realista sería manter un número de vacas similar (e con toda seguridade unha cifra menor de explotacións, polos factores demográficos) sobre unha superficie agraria dunhas 350.000 hectáreas. Isto requiriría que 130.000 hectáreas actualmente abandonadas foran incorporadas, preferiblemente mediante arrendamento, ás explotacións de leite para ampliar a súa base territorial.

Esa ampliación da base territorial tería que acompañarse doutras accións:

**i.** A reorientación das axudas aos investimentos das explotacións, de tal modo que sirvan para fomentar os sistemas ligados á terra e prioricen a redución de custos, fronte aos investimentos en maquinaria e construcións;

**ii.** A utilización dos pagos agroambientais, e dos pagos acoplados da PAC no sector lácteo, para estimular a modificación dos sistemas produtivos;

**iii.** A priorización destas cuestións (optimización de custos, extensificiación) nas accións de asesoramento e formación dos gandeiros.

O principal problema do complexo lácteo galego radica na extrema debilidade da industria.

### A debilidade da industria láctea e as estratexias para correxila

O principal problema do complexo lácteo galego radica na extrema debilidade da industria. Un mínimo do 30% da produción de leite continúa exportándose en bruto (esencialmente ao resto de España). E a iso únese que as industrias localizadas aquí están especializadas nos derivados máis simples (leite envasado), que xeran menor valor engadido; sendo ademais os produtos cunha demanda menos dinámica e nos que é maior o poder das cadeas de distribución, cun peso crecente das marcas brancas.

O resultado é que, producindo Galicia perto do 40% do leite de España, a industria láctea localizada na nosa Comunidade supón (en termos de VEB e emprego) menos do 10% da española. E a debilidade é moito máis acusada se nos referimos ás empresas de capital galego, limitadas a Leite Río-Leyma, Feiraco, Clesa e pequenas queixerías. O panorama complétase con dúas notas adicionais:

Dentro das 10 primeiras rexións lácteas da UE, a única sen ningún investimento industrial importante é Galicia.

**a.** Escasa relevancia das marcas oficiais de calidade: as 4 DOP de queixos e a produción ecolóxica apenas supoñen o 2% da produción láctea.

**b.** Debilidade do tecido cooperativo: o 25% do leite producido en Galicia é comercializado a través de cooperativas, pero o peso destas na transformación industrial limítase ao 7%. Cifra moi por baixo da media española (21%) e a enorme distancia das porcentaxes próximas ou superiores ao 90% de países como Dinamarca, Holanda ou Irlanda.

Nunha imaxe global, se consideramos o tipo de produtos elaborados e o seu destino, o complexo lácteo galego presenta un “talón de Aquiles” fundamental no referido aos mercados: ten “todos os ovos no mesmo cesto”, leite fresco e envasado para o mercado español.

Esa é a “foto”. Se miramos a “película” do que está sucedendo nos anos recentes, como adaptación á eliminación das cotas, o panorama vólvese aínda máis preocupante. Os datos mostran uns elevados investimentos na industria láctea europea (máis de 5.000 millóns de euros nos anos 2012-2014), que se están concentrando nas principais zonas produtoras de leite, ubicadas na orla atlántica e no cuadrante noroccidental da UE. Pois ben, dentro das 10 primeiras

rexións lácteas a única sen ningún investimento industrial importante é Galicia.

Partindo desa realidade, a desaparición das cotas abre novas oportunidades pero tamén vai orixinar enormes riscos. Comezando polas **oportunidades**, dado que a produción de leite en España é un 25% inferior ao consumo, ábrense posibilidades de substituír parte das importacións de leite e sobre todo de produtos elaborados (queixos, leite en po, manteiga...). Ao mesmo tempo, cabe pensar no desenvolvemento potencial de exportacións a outros países sobre todo de fóra da UE, onde van estar os maiores incrementos da demanda. O problema é que para aproveitar esas oportunidades serían necesarios investimentos industriais que non estamos vendo.

Fronte a esas oportunidades, a desaparición das cotas orixina notables **ameazas**. O incremento da produción nos principais países exportadores da UE vai elevar o risco de que parte do leite subministrado polos nosos gandeiros encontre dificultades para ter asegurada a recollida, dado que será cada vez máis factible abastecer o (deficitario) mercado español con leite e produtos lácteos doutros Estados membros. Noutras palabras, existe un perigo evidente de que parte do leite galego se vexa desprazado do mercado español. Perigo que aumenta cos investimentos industriais que están tendo lugar noutros países da UE. E que se verá alimentado pola volatildade dos mercados internacionais: en conxunturas, como a actual, de caída dos prezos mundiais e de redución das exportacións europeas a terceiros países, teremos que enfrontarnos a que parte deses produtos sexan volcados cara a mercados como o español a prezos baixos.

Sen ser alarmistas, cómpre tomar conciencia de que no novo contexto nen sequera o mantemento de Galicia como abastecedora de leite fresco e leite envasado, o statu quo dos últimos 30 anos, está garantido. Se no marco do sistema de cotas eramos imprescindibles para abastecer o mercado español, coa liberalización da produción na UE isto non será así. Dadas as incógnitas sobre o futuro, sería conveniente prepararse para un duplo escenario:

- Que os gandeiros teñan que asumir un papel máis activo na transformación industrial do seu leite. O que requeriría unha modificación profunda da estrutura cooperativa, incluindo un compromiso de aportacións de capital moi superior ao actual (case nulo).
- Que as institucións públicas deban implicarse no impulso de proxectos industriais. Esas institucións (en particular a Xunta de Galicia) teñen que prepararse para aplicar unha política industrial moito máis activa, que non se limite á xestión rutinaria das convocatorias anuais de axudas ás industrias alimentarias.

Por poñer algúns exemplos, o Goberno galego debería: facer todo o posible para reforzar o compromiso co noso país de Lactalís (primeiro grupo industrial lácteo europeo e tamén en Galicia); promover certos investimentos estratéxi-

> Existe un perigo evidente de que parte do leite galego se vexa desprazado do mercado español



> A Xunta de Galicia ten que prepararse para aplicar unha política industrial moito máis activa.

cos a través de proxectos conxuntos entre diferentes empresas; apoiar alianzas entre grupos de capital galego, español e portugués presentes na nosa industria láctea; e fomentar a implicación dos gandeiros en proxectos industriais.

No que respecta ao **tipo de produtos**, sendo pragmáticos propoñemos unha doble estratexia: consolidar as posicións na elaboración de leite envasado para o mercado español; e acompañar iso do desenvolvemento de produtos diferenciados, de calidade, para nichos de mercado específicos. Estas dúas liñas poden ser protagonizadas por empresas de tamaño diferente, o que abre espazo para distintos tipos de iniciativas.

### A desarticulación da cadea; relacións entre produtores, industrias e distribución

O terceiro problema a abordar é a desarticulación da cadea láctea, das relacións entre produtores, industrias e distribución. A pesar dos intentos de correxir este problema nos últimos anos, segue manténdose en España, e de modo particular en Galicia, unha cadea desestruturada e desequilibrada: a "lei da selva" nas relacións entre gandeiros e industrias, que favorece o dominio das empresas de distribución.

Neste aspecto é esencial aproveitar as posibilidades abertas polo "paquete lácteo" para a organización desas relacións. Pero non podemos deixar de poñer sobre a mesa algúns matices e reflexións:

**i.** Sen unha modificación das políticas comerciais e a posición de dominio das cadeas de distribución será imposible avanzar en relacións máis estables e equilibradas entre gandeiros e industrias.

**ii.** No que respecta ás industrias, a viabilidade de que modifiquen a "cultura" respecto ás relacións cos gandeiros pasa pola mellora das súas estratexias empresariais. Con industrias centradas no leite envasado, nunha alta porcentaxe de marca branca, será difícil lograr relacións máis equilibradas cos gandeiros.

**iii.** Por outro lado, temos serias dúbidas de que a autorregulación entre industrias e produtores (aínda implicando á distribución) poda dotar de estabilidade ao mercado español se non se atenúa a volatilidade na UE. Expresado de forma plástica, dubidamos que se poda facer de España unha "illa" de estabilidade no medio dun "mar" de volatilidade a escala mundial e europea. Polo tanto, como complemento da organización da cadea a nivel español e galego, é necesario contar con mecanismos públicos de estabilización do mercado na UE máis potentes que a actual "rede de seguridade". O que requeriría desandar parte do exceso liberalizador da última década.

Nas condicións actuais, sen resolver as tres cuestións anteriores, existe un alto risco de que as industrias lácteas busquen a forma de eludir as obrigas derivadas do marco regulador (as normas aprobadas en España para a aplicación do "paquete lácteo"). Neste sentido, o forte aumento nos últimos anos do leite recollido por primeiros compradores non transformadores (meros intermediarios) é un signo preocupante, estando na orixe dos prezos especialmente baixos que están percibindo unha parte dos gandeiros galegos. ■

Mantense unha "lei da selva" nas relacións entre gandeiros e industrias, que favorece o dominio das empresas de distribución.

# Paisaxe para despois do conflito

## Roberto García González

Nos últimos meses os produtores de leite levamos a cabo unha intensa campaña de protestas e denuncias que tiveron como colofón unha folga de entregas de leite que cando menos serviu para poñer sobre da mesa de Xunta de Galicia e Ministerio a gravidade do momento que está atravesar o sector, pero non así para arrincar medidas eficientes e eficaces para frear a apropiación ilegal de renda que distribución e industria perpetran sobre os gandeiros. Todo o compromiso das administracións foi un acordo tan preñado de boas intencións como baleiro de instrumental que convertan as declaracións de principios en realidades tanxibles que favorezan o incremento de rendas das explotacións.

Os gandeiros de leite somos quizais os traballadores que, na práctica, temos menos dereitos recoñecidos. Compartimos os mesmos problemas que os demais traballadores autónomos, pois non temos as vantaxes económicas dos empresarios e tampouco os dereitos laborais dos asalariados, cando a maior parte de nós somos, sobre todo, traballadores que achegamos o noso esforzo e o noso capital para aspirar a ter unha renda suficiente coa que sacar adiante as nosas familias.

**Roberto García González**
Secretario xeral
Unións Agrarias

E, ademais, a diferenza dos autónomos que se dedican a outras actividades, sufrimos unhas relacións comerciais anormais. Pois non é normal, non pode ser admitido como normal nos tempos que corren, que esteamos a entregar o noso leite ás industrias sen nin sequera coñecer o prezo que imos cobrar nin durante canto tempo nos van a recoller a produción. E aínda máis, que o prezo nos veña imposto polas industrias sen poder ser negociado, nin estar referido á evolución do índice de prezos ao consumo dos produtos lácteos.

Polo tanto, sufrimos a desvantaxe de non ter uns acordos resultantes dunha negociación de prezos, como teñen outros traballadores por medio da correspondente negociación colectiva entre a súa patronal e os sindicatos. Porque nós somos, fundamentalmente, traballadores que poñemos ademais todos os recursos necesarios para poder facer o noso traballo e que lle vendemos en exclusiva o noso leite a unha única empresa, que na maior parte dos casos é, ademais, a mesma desde hai moitos anos. E en todos estes anos non tivemos ningún contrato por escrito, tan só recibos de cando cobramos o leite vendido o mes anterior. E, ademais, temos que vender a cegas, sen coñecer previamente a canto nos van pagar, a diferenza do que ocorre nas relacións comerciais normais, e temos que facelo porque o noso é un produto perecedoiro.

O igual que Sísifo na mitoloxía grega estaba condenado ao fracaso constante no intento de subir unha pedra a cima dun monte, os produtores de leite de Galicia parecen ter que penar a perpetuidade na incerteza xurídica e na pe-

nuria económica pese a todo esforzo que levan feito en modernización das explotacións, concentración de oferta, rebaixa nos custes de produción, etc. Campaña tras campaña aparecen os mesmos intereses cruzados de industria e distribución, amparados na inacción dos responsables políticos para desenvolver instrumentos legais eficaces de control, que impiden o avance cara unha articulación eficaz da cadea de valor na produción láctea galega.

Os gandeiros de leite somos quizais os traballadores que, na práctica, temos menos dereitos recoñecidos.

Estivemos e estamos a vivir unha situación crítica con baixas de prezos, que nalgúns casos chegan ao estremo de estar por debaixo dos 22 céntimos e mesmo a ameazas de non recoller o leite para impoñer condicións inaceptables. Convén separar a parte debida a unha situación xeral do mercado con prezos mais baixos que nos dous últimos anos, pero sempre por riba dos 30/32 céntimos, dos problemas adicionais que nos sitúan nunha posición de maior debilidade, que responde sobre todo á falta de medidas por parte da industria e da Administración para prepararnos ao novo escenario sen cotas.

A eliminación do modelo de produción regulada supón un cambio brusco nun mercado de produtos lácteos que é moi sensible a pequenos desaxustes entre a produción e o consumo e que carece agora de medidas axeitadas para facer fronte a situacións de crise como a actual. Os contratos por escrito establecidos a finais de 2012 polo Ministerio de Agricultura non supuxeron ningún cambio ao non ser o resultado de ningunha negociación entre as partes, senón dunha imposición das súas condicións e prezos por parte da industria. E bloqueouse o funcionamento das Organizacións de Produtores constituídas pola negativa das industrias a negociar con elas e facelo pola súa conta directamente cós produtores asociados, ante a pasividade da Administración.

Atopámonos nunha posición de debilidade, que responde sobre todo á falta de medidas por parte da industria e da Administración para prepararnos ao novo escenario sen cotas.

A nosa organización denunciou repetidamente estas irregularidades nos últimos anos, advertindo ademais dos problemas adicionais que se poderían provocar no caso de non ter normalizadas as novas relacións antes da eliminación das cotas. Chama poderosamente a atención que en todo este conflito a distribución francesa e alemá sempre saen ben paradas a pesar da dobre moral que aplican na valorización da produción dependendo de se os gandeiros se atopan en Alemaña, Francia ou España. Sirva como proba a exclusión das grandes cadeas de comercialización de alimentos das sancións millonarias impostas pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ás industrias lácteas.

Unhas sancións que por outra parte, sacaron tamén á luz que o modelo de negocio das empresas transformadoras lácteas do noso país (que fundamentalmente se reduce a meter leite nun *brick*) está esgotado. Esta nula vocación innovadora e investidora, ó contrario do labor realizado polas explotacións agrarias, converteu os fabricantes e as empresas en cautivos da gran distribución transnacional que, por un lado, limita a venda de leite de fabricante e, por outro, poxa á baixa o envasado de leite de distribuidor. Unhas caídas nos prezos que as industrias lácteas nunca tiveron o máis mínimo reparo en repercutir, incrementadas, nos petos dos gandeiros.

As marcas brancas representan o 34% en Alemaña e o 20% en Estados Unidos, por poñer dous exemplos. Esta é unha tendencia que irá a

máis debido ós cambios que se están a rexistrar nos hábitos de compra dos consumidores, que buscan axustar o máis posible calidade e prezo. Por outra banda, a coincidencia da fin das cotas na UE coa apertura de novos e potentes mercados, coma o chinés, o árabe ou mesmo o africano, vai revolucionar o sector lácteo, xa que suporá a demanda dunha maior cantidade de elaborados, polo que é mais importante que nunca que a cadea de valor do leite se manteña equilibrada.

Cremos que producir e transformar leite neste país debería ser rendible, porque neste momento nin sequera abastecemos o 75% do consumo interno e polo tanto temos que importar cada ano 3,5 millóns de toneladas cun valora de 1.000 millón de euros. O único que necesitamos é unha industria que entenda que non teñen futuro se carecen de base produtora e unha Administración que estea presente, non só cando sobe o prezo do leite. Resulta bastante inexplicable o papel da Xunta neste conflito cando Galicia posúe a metade dos gandeiros e da produción de leite de todo o Estado.

Unha actitude temeraria fronte a un problema global que non só implica que neste país se pechen explotacións gandeiras, senón que está a poñerse en tela de xuízo a viabilidade dun modelo social, territorial e económico, pero tamén cultural e medioambiental. Unha crise que toca pois o corazón da nosa sociedade, que ataca a un sector estratéxico que constitúe un elemento absolutamente incontestable da nosa identidade e que polo tanto non é simplemente unha crise conxuntural, senón unha crise estrutural.

A evolución do sector lácteo galego desde a integración na UE incrementou nun 100% a produción, pero acelerou a desaparición das explotacións pasando de 90.000 as 9.900 actuais, unha restruturación que deixou ás granxas máis profesionalizadas grazas as melloras produtivas (xenética e infraestructuras) e á adquisición de cota, moita veces a prezos por riba do mercado. UUAA traballou daquela, tendo enfronte a moitos dos que despois foron acérrimos defensores das cotas, por preparar ao sector produtor galego no difícil reto de entrar en Europa. Foi un proceso complicado porque as condicións de entrada na CEE dos 12 non foron as mellores. Cuns dereitos de produción limitados non se lles permitía producir ao nivel de consumo interno, cun desaxuste en negativo de case dous millóns de toneladas.

O escenario que se debuxa para o sector lácteo galego a partir de agora será positivo se as demais partes implicadas adoptan un maior compromiso na defensa e articulación do mesmo cos retos que temos por diante. A industria ten que asumir que contratos, prezos e volumes son intereses compartidos, e como tales teñen que ser negociados, cunha perspectiva de estabilidade e esquecendo os réditos cortoplacistas. Do mesmo xeito deberá entender que o seu modelo de negocio debe camiñar cara o valor engadido coa produción de derivados. E as Administracións Públicas terán que asumir as súas responsabilidades de velar polo cumprimento integro e inescusable do Paquete Lácteo recentemente reformado. ■

## O modelo de negocio das empresas transformadoras lácteas do noso país está esgotado.

## Está a poñerse en tela de xuízo a viabilidade dun modelo social, territorial e económico, pero tamén cultural e medioambiental

## O esceario será positivo se as demais partes implicadas adoptan un maior compromiso na defensa e articulación do sector cos retos que temos por diante.

# Unha loita construtiva polo futuro lácteo do país

Francisco Bello

Durante todo este 2015, pero sobre todo dende a desaparición das cotas o 1 de abril, o sector lácteo viviu unha das peores crises da súa historia. Ademais, a recuperación non está sendo tan rápida como quixeramos. Non obstante, o acordo que asinamos os protagonistas da cadea de valor do leite o pasado 23 de setembro no Ministerio de Agricultura, será un piar para os gandeiros se acadamos que se cumpra. Aínda que algúns sindicatos agrarios non o asinaron, dende Asaja Galicia coidamos que se queres que algo saia adiante debes participar activamente no proceso. Ese foi e é o noso xeito de face-las cousas. Sumando, non restando.

**Francisco Bello**
Secretario xeral de Asaja Galicia e vicepresidente de Asaja nacional.

Por primeira vez en moitos anos, o noso país tivo que pagar uns 20.000.000 € de multa por supera-la cota, xa que a campaña láctea 2014/2015 que rematou o 31 de marzo de 2015 foi a de maior produción da nosa historia. En Galicia producíronse 2.538.401.516 Kg, e en España 6.538.480.379 Kg. Certo é que este aumento foi xeralizado nos principais países produtores do mundo. En concreto, na UE produciironse 1.300.000.000 Kg máis.
A maior produción, unida á baixada na demanda de China e ao veto ruso a entrada de produtos europeos, provocaron unha forte caída dos prezos do leite en orixe que, como ben sabemos, estamos a sufrir mes tras mes.

## Parecidos, pero non iguais

Sen embargo, no caso de España a caída non foi uniforme: Galicia e, en menor medida, Cantabria son as CC.AA. nas que menos se paga o litro de leite aos gandeiros.
E por riba, a produción nos meses de abril, maio, xuño e xullo foi de 910.045.173 Kg, o que quere decir que segue aumentando, dado que nos mesmos catro meses do ano anterior (que xa foran récord) producíranse 875.934.859 Kg. En consecuencia, en Galicia estase producindo máis leite ca nunca.
Se temos en conta que os prezos medios de abril a xullo de 2014 acadaron os 0,351 € en Ga-

licia –e, como reflexa a tabla anterior, neste ano só acadan os 0,281 €– resulta que en 2015 os gandeiros galegos cobraron de media 0,07 € menos que nos mesmos meses do ano pasado. Concretando: nos meses de abril a xullo de 2014 os gandeiros galegos percibiron 307.453.135,51 € polos 875.934.859 kg producidos, mentres que neses mesmos meses en 2015, polos 910.045.173 Kg percibiron 51.730.441,90 € menos.

### Un mercado afogado

Como estes datos demostran, os aumentos de produción que os mercados non dan absorbido provocan grandes caídas nos prezos. Por iso foi tan importante o acordo que asinamos os representantes da cadea de valor do leite a finais de setembro. Esta unión dotará de certa estabilidade ao sector lácteo e traducirase en mellores prezos.

A industria comprometeuse a reverter o beneficio aos gandeiros, así como a facilitar datos da venda e da cesión do leite líquido á distribución, e a ter un contrato tipo. E nós, os produtores, asumimos un compromiso: organizarnos máis e mellor.

Con todo, á firma faltaron outras organizacións agrarias que pedían un réxime sancionador para os infractores, cando as sancións neste país só se poden facer por norma. Lamentando as faltas, o importante foi a presenza masiva da distribución e da industria. De feito, xa hai máis empresas que pediron a adhesión. A Secretaría Xeral de Agricultura fai un seguimento do acordo que dende Asaja, tamén é total.

### Axudas para ter liquidez

Como sabemos do mal momento polo que pasan moitos produtores de leite, loitamos por conseguir máis implicacións. Por iso, Asaja reivindicou durante varios meses a posta en marcha de axudas directas que axudaran a superar esa situación. O ministerio respostou as nosas peticións en setembro a través dunhas axudas que percibirán os gandeiros que obtiveron durante os meses de abril, maio, xuño e xullo os prezos máis baixos. A maiores, haberá outra axuda lineal para tódolos gandeiros de leite de España pola crise de prezos que sufriron. En total, serán 45,5 millóns de euros os que chegarán ás contas dos produtores antes de finaliza-lo ano.

A mellor das situacións a implicación das administracións con eles é imprescindible.

> De cumprirse o acordo asinado en setembro, será un piar para os gandeiros.

### En Asaja preferimos sumar

É innegable que a situación do leite a nivel mundial, en tódolos mercados, é mala. Ademais, non se está recuperando aínda ao ritmo que quixeramos. E prevese que a situación vaia para longo. Mesmo os prognósticos máis optimistas din que ata a segunda metade do ano 2016 non se empezarán a recupera-los prezos de xeito significativo.

Non obstante, de cumprirse o acordo que asinamos os protagonistas da cadea de valor do leite o pasado 23 de setembro no Ministerio de Agricultura –e para iso estamos, para que se cumpra– , será un piar para os gandeiros. Hai algúns sindicatos agrarios que quedaron fóra, que non o quixeron asinar, e que, sen embargo, esixen que se cumpra. Unha actitude que, certamente, é difícil de entender. Nos este acordo asinámolo porque cremos que vai ser unha ferramenta moi importante non só para tentar recupera-los prezos no que queda de ano, senón tamén na vindeira primavera. Porque ese é un tempo onde case sempre baixa o leite.

> O noso xeito de facer as cousas en Asaja é sumando, non restando.

Dende Asaja Galicia coidamos que se queres que algo saia adiante debes participar activamente no proceso. Ese foi e é o noso xeito de face-las cousas. Sumando, non restando. ■

# Con excedentes, os prezos do leite seguirán a ser ruinosos

Isabel Villalba Seivane

**Isabel Villalba Seivane**
Secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego dende 2012 e experta no sector lácteo grazas á súa dobre condición de gandeira e de integrante da directiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), onde representa ao sector lácteo. Ademais,participa como representante da ECVC en foros articulados pola Comisión Europea como o *European Milk Market Observatory* e o *Civil Dialogue Group on Milk*, ou en representación do SLG e a COAG na Interprofesional Láctea (Inlac).

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego aborda a crise do sector lácteo dende unha perspectiva integral e global que relaciona os problemas sectoriais co sistema produtivo imperante cara ao que se obriga, de facto, a evolucionar ás nosas granxas; e cun sistema económico globalizado no que os prezos das exportacións condicionan o valor final que se lle paga aos gandeiros e ás gandeiras. Prezos baixos que non cobren os custes de produción do leite, forte endebedamento das familias gandeiras, peche masivo de explotacións (máis de 100.000 dende a nosa entrada no Mercado Común) ou insostibilidade ecolóxica e económica do modelo actual, son algunhas das cuestións que toca o artigo.

Dende o mes de xaneiro ata o mes de setembro deste ano 2015, 370 granxas galegas pecharon as súas portas, nove meses nos que os prezos do leite, que xa viñan en caída libre dende comezos do 2014, baixaron dos 30,52 céntimos de media en xaneiro ata os 28,30 céntimos de setembro. Tras 30 anos de aplicación do sistema de cotas, das 112.000 granxas de leite que había en 1986, e despois dun longo camiño no que a política leiteira galega se centrou en exclusiva na produción de leite líquido para a industria, só 9.236 granxas galegas -16.605 granxas en todo o Estado- seguían a facer entregas de leite a comezos deste outono.

Os acordos negociados con motivo da entrada de España nas "comunidades europeas", acta de adhesión que asinaría o presidente do Goberno, Felipe González, o 12 de xuño de 1985, recollían desigualdades manifestas como o feito de que a países como Holanda, con 14 millóns de habitantes, se lles asignase unha cota láctea de 12 millóns de toneladas, mentres que o Estado Español, con 38 millóns de habitantes, só podía producir 5,4 millóns de toneladas. Na Galiza, cun 35% de poboación agraria, isto tivo consecuencias dramáticas, como a aplicación de multas millonarias ou enormes endebedamentos para comprar cota nun mercado de especula-

ción creado polo propio Goberno, o que, xunto con outros factores como a perda de superficie agraria útil ou a falta de vontade política para ter un forte tecido industrial propio, trouxo ao sector produtor galego ata o momento actual en situación de franca desvantaxe en relación con granxas doutros países membros da UE.

En 1996, había 61.208 granxas na Galiza, cunha cota media de 29.000 quilos. No Estado, a cota media era de 43.000, 129.000 en Francia, 310.000 en Dinamarca, 466.000 en Gran Bretaña ou 271.000 en Alemaña. Produciamos máis de 2 millóns de toneladas, pero tiñamos unha cota asignada de 1.678.873 toneladas.

Nestes anos, a produción de leite desapareceu de moitos concellos, concentrándose nalgunhas comarcas nas que segue a constituír a actividade central da que dependen miles de empregos de xeito directo e indirecto. En marzo de 2015, seguía a haber 11.974 granxas galegas con cota asignada, aínda que máis de 2.000 non facían entregas á industria: 5.080 na provincia da Coruña, 4.939 na de Lugo, 1.835 en Pontevedra e 120 en todo Ourense. Lalín con 478 granxas, seguido de Santa Comba con 384 granxas, Silleda con 361, A Pastoriza con 313, Chantada con 311, Mazaricos con 307, Rodeiro con 275, Castro de Rei con 259, Cospeito con 255, e Arzúa con 250 son os 10 concellos con maior número de granxas con cantidades de referencia asignadas. No lado contrario, os concellos ourensáns, dos que Cartelle con 11 granxas e O Irixo, San Cristobo de Cea e Viana do Bolo con 9, son os que menos granxas teñen.

As produtoras e produtores de leite coinciden ao identificar o momento actual como a peor crise que pasou o sector lácteo galego na súa historia, e iso que non foron poucas as vicisitudes do mesmo trala entrada na Comunidade Económica Europea. Vinte anos despois das protestas contra a multa de 2.800 millóns de pesetas pola supertaxa en tempos da ministra Loyola de Palacio, miles de tractores volveron a encher as rúas galegas para denunciar uns prezos que están por debaixo dos custos de produción e que condenan á ruína a miles de familias.

> O obxectivo da política leiteira europea centrouse en baixar os prezos do leite nunha carreira desenfreada para competir cos baixos prezos mundiais.

> O momento actual é a peor crise que pasou o sector lácteo galego na súa historia.

Despois das sucesivas prórrogas do sistema de cotas (reforma Mac Sharry, Axenda 2000, reforma Fishler), no mes de abril culminábase o proceso de eliminación do control da produción que se prevía no denominado “chequeo médico da PAC” do ano 2009, e que recollía o que deron en chamar “aterraxe suave do sistema de cotas”, con incrementos progresivos das cantidades de referencia global (2% no 2008/9 e o 1% anual no período posterior), que no Estado español supuxeron un aumento de máis dun millón de toneladas. A OMC impoñía, ademais, a importación dun 5% de lácteos, mesmo aínda que houbese excedentes.

### Carreira desenfreada

O obxectivo da política leiteira europea centrouse en baixar os prezos do leite nunha carreira desenfreada para competir cos baixos prezos mundiais, así como en xerar excedentes en relación cos niveis de consumo interno, para ter unha maior presenza nos mercados globais. O comisario Franz Fishler contemplaba xa na Reforma da PAC do 2003 unha baixa dos prezos de intervención para a manteiga e o leite en po desnatado dun 25% e un 15% respectivamente, así como a compensación parcial desta caída de prezos a través de axudas desvinculadas da produción (desacoplamento).

O final do sistema de cotas presentóuselles ás gandeiras e gandeiros, tanto por parte da industria como do Goberno, como unha oportunidade, animando ao sector a aumentar a produción e a facer grandes investimentos, coa

Organizacións agrarias reivindican a necesidade dunha política pública europea de control da produción e de regulación do mercado.

expectativa creada nun incremento da demanda de produtos lácteos no mercado internacional, no que se pretende que as granxas galegas compitan en baixos prezos coas de Nova Zelandia, con rabaños que teñen de media 413 vacas; coas granxas de Australia, con rabaños dun tamaño medio de 258 vacas; ou coas granxas de miles de vacas de Estados Unidos.

Nos últimos anos, o Sindicato Labrego Galego e as organizacións da Coordinadora Europea Vía Campesina están a reivindicar a necesidade dunha política pública europea de control da produción e de regulación do mercado, sinalando o perigo dunha burbulla no sector do leite, de excedentes de produción que dean orixe a unha caída de prezos insoportable para o sector produtor e á volatilidade continua dos mesmos. Xa no ano 2014, o sector comercial europeo daba a alerta sobre a dificultade de que o mercado puidese absorber os incrementos que se estaban a dar na produción: 5,1% de incremento na Unión Europea, 11% en Nova Zelandia ou 1,7% en Estados Unidos. Este problema de sobreprodución complicouse aínda máis co veto ruso e, aínda que as exportacións a este país supoñen só o 1,5% da produción total de leite comunitario, representan o 33% das exportacións de queixo e o 28% das exportacións de manteiga.

As medidas adoptadas resultaron totalmente ineficaces para garantir prezos cos que a xente gandeira poda ter unhas rendas dignas.

Nestes meses produciuse unha caída xeneralizada de prezos en todos os países europeos, mesmo naqueles que non tiñan unha exportación directa a Rusia. Multinacionais como Lactalis, Danone, Nestlé e a maioría das principais industrias operan a escala mundial, empregan as referencias de prezo dos produtos industriais a nivel mundial tamén para o 93% da produción europea que se consume a nivel interno. É relativamente frecuente tamén que os excedentes dalgúns países europeos como Francia ou Alemaña cheguen a terceiros países, como o Estado español, a baixos prezos, orixinando graves distorsións neses mercados.

### Dominio da industria e da distribución

Coa desaparición dunha política leiteira europea pública, refórzase a posición de dominio da industria e da distribución na cadea de valor; e iso malia os abusos documentados pola Comisión de Mercados e da Competencia, que deron lugar recentemente a unhas multas de 88,2 millóns de euros, ou os múltiples expedientes abertos pola Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) á distribución pola utilización do leite como produto reclamo con prezos moi baixos, que logo dan como resultado valores por debaixo de custos na parte produtora.

En febreiro do ano 2012, o Parlamento Europeo aprobara o denominado “paquete lácteo” para evitar futuras crises de prezos no sector como a acontecida no ano 2009. En teoría, os obxectivos destas medidas eran reforzar a posición de produtores e produtoras na cadea de valor para mellorar as súas rendas; e rematar coa posición de dominio e abuso das grandes distribuidoras comerciais e das industrias, que impoñen prezos ruinosos ás explotacións. Os datos dun estudo elaborado pola propia Comisión amosaban que, mentres que as granxas quedan con pouco máis do 20% do prezo final do leite, as industrias ingresan máis do 30% e as distribuidoras embolsan o 42%.

Os contratos sen prezo, que acabaron sendo contratos de adhesión a uns valores e condicións impostos unilateralmente pola industria como denunciou dende sempre o Sindicato Labrego Galego, e o resto de medidas que se prevían no paquete lácteo, resultaron totalmente ineficaces para garantir prezos cos que a xente gandeira poda pagar os custos de produción e ter unhas rendas dignas. O prezo do leite non parou de baixar, sendo a media na UE no mes

de outubro de 29,69 céntimos, 16 países de 28 estaban por debaixo de 30 céntimos: 29,31 no Estado español, 28,38 en Alemaña, 31,00 en Francia, 28,60 en Portugal ou 28,93 en Irlanda, por poñer algúns exemplos.

A nivel galego, cunha media de 28,30 céntimos en setembro, a maior parte das granxas están en tramos inferiores: a media das de menos de 100.000 quilos foi de 25,24 céntimos, 26,67 as que teñen entre 100 e 200.000, 27,48 as de entre 200 e 300.000, etc. Varios factores como o feito de que máis de 2.500 granxas estean a venderlles a primeiros compradores que non fan ningunha transformación do leite, que a maioría se envase como leite líquido e case non se elaboren produtos de valor engadido, ou mesmo que parte da produción se pague a prezos de leite en po, explican as enormes diferenzas de prezo mesmo con outras partes do Estado.

Galicia leva varios meses ostentando o triste récord de ser o lugar do Estado no que se paga menos o leite.

Galiza leva varios meses ostentando o triste récord de ser o lugar do Estado no que se paga menos o leite. No mes de setembro, Galiza e Cantabria foron as únicas comunidades nas que o leite se pagou a menos de 30 céntimos (32,3 cts. Asturias, 30,9 cts. Castela León, 31,2 cts Cataluña, 34,0 cts. o País Vasco, etc.). Hai que dicir que a industria está a empregar o leite que se recolle en Galiza, o 38,1% (de xaneiro a setembro 1.946.614 toneladas dun total de 5.111.980) para facer caixa, pagando en ocasións a mesma empresa prezos de 4,6 e ata 10 céntimos menos na nosa terra polo mesmo leite e coas mesmas calidades ca noutros lugares. Para exercer presión de prezos á baixa, mesmo se ameaza con deixar de recoller o leite a granxas e cooperativas galegas mentres se fomenta o incremento da produción noutras partes do Estado.

No paquete lácteo tamén se recollía que as OPL (organizacións de produtores lácteos) ían permitir negociar o prezo do leite e reforzar o papel negociador de produtores e produtoras. Segundo un informe da propia Comisión Europea, só chegou a haber negociacións polo prezo do leite en 4 países, entre eles o Estado español. No que se refire a este último caso, non serviron para nada as 7 OPL que se crearon (6 de vacún e 1 de ovino) pois, tanto na Galiza como no conxunto do Estado, os prezos foron impostos unilateralmente pola industria. Ultimamente, mesmo están a recibir fondos públicos, cando ata o momento non levaron adiante ningún tipo de negociación, polo que cumpriría un seguimento profundo do seu funcionamento.

A outra ferramenta proposta polo paquete lácteo para dar estabilidade aos prezos era a dos contratos que, sen uns prezos mínimos ou unha fórmula de aplicación obrigatoria que garanta as marxes da parte produtora, estanse a converter nunha ferramenta de extorsión máis en mans das industrias. Así, durante este ano 2015, vimos como as industrias fixaban unilateralmente todos os termos dos contratos, como deixaban de recoller leite en granxas que tiñan contratos por un ano, liquidacións que non tiñan nada que ver co asinado nos contratos, manipular as calidades para rebaixar os prezos do leite, etc. O Acordo Lácteo presentado con rebumbio polo Ministerio de Agricultura este verán para acabar coas mobilizacións segue a día de hoxe sen ter unhas referencias de prezo que lle permitan ao sector afrontar os custos de produción, cifradas nalgúns momentos polo propio Ministerio en 34 céntimos, nin garantías, fórmula de reparto de valor da cadea, ou seguridade na recollida en todas as granxas que veñen desenvolvendo actividade.

Tampouco serviu o paquete lácteo para equilibrar a oferta e a demanda, como demostra o incremento da produción que se produciu en toda

a UE ao longo de 2015, cando os datos da demanda mesmo son negativos, tanto a nivel interno como a nivel de exportacións. O paquete lácteo supón a privatización da política leiteira da Unión Europea, ao ficar libre a industria para impoñer as regras comerciais que máis lle conveñan, volumes de recollida, determinando quen vai producir ou en que lugar, con que calidades, etc.

### Por unha política leiteira pública

O Sindicato Labrego Galego segue a considerar indispensábel unha política leiteira pública que xestione e regule a oferta de leite e garanta uns prezos que nunca baixen do limiar dos custes de produción e xeren rendas dignas para os e as profesionais do sector leiteiro; ademais de garantir a permanencia da produción en todo o territorio europeo, evitando a súa concentración nuns poucos países e explotacións industriais, como xeito de manter postos de traballo, a paisaxe e poboación nun medio rural vivo. É un grave erro pensar que obter produtos industriais para o mercado internacional a prezos baixos, como o leite en po ou a manteiga, é unha solución, posto que non podemos competir cos baixos custos de produción doutras zonas do planeta como Nova Zelandia. Igual de desafortunado é seguir nunha competición feroz con outros países membros ou outras zonas produtoras por ver quen incrementa máis a produción, xerando uns excedentes que logo tiren polos prezos á baixa e supoñan a ruína das granxas.

Resulta imprescindible acabar coa posición de dominio da distribución e da industria, cunha lexislación que dea lugar a unha cadea de valor que asegure a marxe da parte produtora, con garantías de cumprimento, coa definición dun leite tipo, a eliminación de prácticas abusivas e coa negociación colectiva das referencias de prezo no seo da Interprofesional.

Apostar por un modelo con altísimos custos de produción e gran endebedamento das granxas nun contexto de prezos á baixa é apostar por unha política suicida e contraditoria.

Debemos apostar por un modelo sostible de produción a todos os niveis, por aumentar a base territorial das granxas, apoiar proxectos de transformación do leite para crear produtos de valor engadido, que responda ás demandas de calidade da cidadanía, que dea resposta a problemas como as dificultades de parte da poboación coa lactosa, que garanta a viabilidade das granxas familiares, o aproveitamento de forraxes; fronte á substitución de miles de granxas por unhas poucas grandes granxas industriais de leite, fronte á importación masiva de proteína para a alimentación animal a miles de quilómetros, fronte ao uso masivo de medicamentos e pesticidas, fronte ao malgasto enerxético, aos problemas ambientais asociados á concentración de miles de animais, etc.

O espello non pode ser Estados Unidos, ou modelos similares, que supoñan a desaparición de miles de granxas familiares, coa grave contaminación das augas e do medio, co uso indiscriminado de hormonas e medicamentos, co emprego de man de obra precaria de inmigrantes ou a autoexplotación. Hai que dicir que no país norteamericano, máis do 80% das granxas están a ter serios problemas de rendibilidade (están a debater a creación duns fondos para asegurar a renda en momentos de baixos prezos).

Apostar por un modelo con altísimos custos de produción e gran endebedamento das granxas nun contexto de prezos á baixa é apostar por unha política suicida e contraditoria. Por un lado, a Comisión está a recomendar que se reduzan os custes de produción, que se alimente as vacas en praderías para diminuír enfermidades e aumentar a súa lonxevidade, o cal é incompatible coas políticas que tendan a concentrar e intensificar cada vez máis a produción, aínda que as granxas non teñan superficie territorial suficiente para eses incrementos. ■

# A produción de leite sen cotas en Galicia

Francisco Sineiro García

No últimos dez anos alteráronse de modo drástico as bases sobre as que se asentou o desenvolvemento da produción de leite en Galicia: un prezo relativamente estable, a seguridade da súa venda e unha relación favorable do seu prezo con respecto aos alimentos do gando. As dúas primeiras quedaron afectadas polos cambios realizados na política agraria da Unión Europea que eliminaron en primeiro lugar as medidas de apoio aos prezos e recentemente o control da produción polas cotas; e a terceira foi alterada pola forte subida rexistrada nos prezos dos alimentos do gando.

**Francisco Sineiro García**
Universidade de Santiago de Compostela

Ata mediados da pasada década o leite mantíñase relativamente protexido do mercado internacional cun prezo máis elevado e estable debido ao nivel de soporte establecido polo prezo de intervención. Desde o ano 2007, cando están totalmente operativos os cambios aprobados en 2003 cunha forte redución no nivel apoio, o leite comeza a comportarse de modo similar ó mercado internacional. O prezo do leite, que nos dez anos anteriores tivera unha variación máxima de só 0,05 euros/litro, ampliou de modo considerable a súa variabilidade ata acadar os 0,18 euros (**gráfico 1**).

Estes cambios coinciden ademais cunha forte subida no prezo dos principais factores de produción, en especial dos alimentos do gando e dos fertilizantes, arrastrados pola escalada nos prezos do petróleo a partir do ano 2005, que ocasiona un encarecemento nos prezos das materias primas dos pensos ao engadirse ao consumo alimentario a competencia polas novas demandas destes produtos para a fabricación de biocombustibles. Todo elo resultou nunha relación desfavorable do prezo do leite con respecto os seus principais factores de produción, de modo que o prezo actual do leite é só un 3% superior ao de 2005, mentres que o incremento do prezo dos alimentos do gando acadou  o 21% e dos fertilizantes e a enerxía o 50% (**gráfico 2**).




**Gráfico 1.-** Evolución dos prezos do leite en España. Anos 1995 a 2015. *Fonte: 1 (Para as fontes de datos, consultar as referencias finais.)*




**Gráfico 2.-** Evolución dos índices de prezos do leite e os seus principais factores de produción entre os anos 2005 a 2015. *(2)*




**Gráfico 3.-** Evolución dos ingresos, custos e renda unitaria das explotacións de leite en Galicia. Anos 2000 a 2014. *(3)*

Deste modo desde o ano 2007 as explotacións de leite enfrontáronse a unha nova situación con prezos moi variables tanto do leite como dos alimentos do gando que resultaron nunhas rendas unitarias máis baixas e variables. Mesmo en 2014, cun prezo do leite relativamente alto, a renda unitaria apenas igualou o valor obtido no ano 2000 e equivalía a unha perda do 28% en valor adquisitivo ao descontar o efecto da inflación e expresala en valores constantes (**gráfico 3**).

A desaparición das cotas engade un novo factor de inestabilidade ao mercado ao eliminar o último instrumento de regulación por medio do control da produción, ao non quedar medidas efectivas para poder facer fronte a crises como a actual:

– o prezo de intervención quedou reducido a un nivel moi inferior aos custos de produción (desde o ano 2007 está en 0,21 euros)

– as axudas extraordinarias establecidas tan só representan unha achega moi limitada ás rendas

Esta situación contrasta coas medidas de política agraria existentes en Estados Unidos, nas que se asegura un nivel mínimo na marxe unitaria obtida do leite mediante un sistema público de seguros, cuxo nivel inferior é practicamente gratuíto e serve ademais para desencadear a canalización dos excedentes de produtos lácteos baixo un programa público de doazóns.

De modo complementario hai un novo problema: o da xestión do volume da produción nun escenario de elevada volatilidade nos prezos do leite, que pode agravarse con aumentos da produción que desequilibren a oferta e o consumo de produtos lácteos. Aparece así un novo problema de xestión do volume para adaptar a produción á demanda industrial. Esta xestión vai ser realizada en exclusiva polas industrias, a non ser que os gandeiros participen directamente nela por ser socios de cooperati-

vas que industrializan o leite ou ben de modo indirecto por medio das Organizacións de Produtores, a nova vía establecida na normativa comunitaria cos contratos e a formación destas asociacións.

O mecanismo de control do volume establecido polas industrias nos últimos meses foi diferenciar dous prezos referidos a dous volumes. O primeiro para un volume de produción (que soe equivaler ao 80-90% da produción da última campaña con cotas) e outro, ligado ao seu destino para o leite en po e manteiga, para as cantidades que excedan esa produción e queden por baixo dun tope máximo tamén establecido no contrato

Coa eliminación das cotas desaparece a "garantía" da recollida de leite que anteriormente existía na práctica ao estar controlada a produción e ser inferior á demanda das industrias. En diante as industrias poden seleccionar os gandeiros aos que recollen o leite en función dos seus custos de recollida, que dependen da distancia aos seus establecementos industriais, o tamaño e a densidade das explotacións, ou por outras características, como pode ser cumprir con determinados requisitos na calidade do leite.

| | Explot. | Ocup. | Sup. Agr.Util. | Sup. Total | Valor prod |
|---|---|---|---|---|---|
| Bovino leite | 14,2 | 23,3 | 34,4 | 28,6 | 43,8 |
| Bovino carne | 14,9 | 17,3 | 28,1 | 25,8 | 9,5 |
| Porcino e aves | 2,9 | 4,2 | 1,4 | 1,5 | 27,2 |
| Viñedo | 4,4 | 3,8 | 1,3 | 1,5 | 2,0 |
| Horta | 3,5 | 3,4 | 0,8 | 1,1 | 3,2 |
| Cultivos | 24,2 | 14,4 | 14,9 | 19,5 | 4,2 |
| Resto | 35,8 | 33,6 | 19,0 | 22,0 | 10,2 |
| Total (*) | 79,3 | 76,9 | 655,5 | 918,3 | 2.309,1 |

(*)Nos valores totais o número de explotacións e ocupados están en miles; as superficies en miles ha; e o valor da produción en millóns de euros

**Cadro 1.-** As explotacións agrarias galegas por principais orientacións produtivas (en % s. o total), ano 2013. *(4)*

## A produción de leite na agricultura e economía das zonas rurais

O leite é a principal produción da agricultura galega, tanto en termos económicos e sociais, como desde o punto de vista territorial. As explotacións con vacas de leite achegan case un 45% do valor da produción, a cuarta parte dos ocupados e un terzo da superficie dedicada á agricultura **(cadro 1)**. A produción láctea acada unha posición de liderado no conxunto de España ao concentrar o 39% do volume, destacando tamén en Europa co décimo posto entre as 250 rexións produtoras existentes. Esta situación é debida en parte ao desenvolvemento alcanzado polo leite e noutra ao menor crecemento doutras producións gandeiras e en especial dos cultivos, que en Galicia achegan só un 7% do valor da produción, un peso moi inferior ao que teñen noutras agriculturas atlánticas europeas.

A produción de leite ten un papel básico na maior parte das comarcas agrarias do interior de Coruña, Lugo e nordeste de Pontevedra mediante a demanda de servizos de maquinaria, de traballos agrarios e de compra de alimentos do gando e outros insumos, que axudan a soster a economía local. Calquera retroceso no número de explotacións e a produción de leite viría agravar o intenso proceso de desagrarización rexistrado nas últimas décadas, onde o cesamento da produción de leite converteuse nunha maioría dos casos en abandono da actividade agraria pola falta de desenvolvemento doutras producións e resultou no abandono ou forestación de boa parte das terras *(6)*. Deste xeito poderíase agudizar o problema existente de abandono, xa que as terras agrarias ocupan só un 22% da superficie total, e incrementarse a vulnerabilidade aos incendios, así como os desequilibrios territoriais e a regresión demográfica nas zonas rurais *(7)*.

A situación do sector lácteo en Galicia pode quedar debilitada baixo o efecto deses cambios e a ausencia de medidas de adaptación á nova situación que se deberían ter desenvolvido

Estes primeiros meses posteriores á eliminación das cotas están a mostrar a severidade dos problemas aos que se pode enfrontar o sector lácteo galego en períodos de baixos prezos no mercado internacional como o actual.

cando menos desde o ano 2003, cando se aprobaron as primeiras medidas de desregulación do mercado, e sobre todo desde 2008, despois de quedar fixado o calendario de eliminación das cotas. Deste xeito quedan pendentes de resolver tres asuntos básicos que afectan á viabilidade do sector lácteo: as limitacións existentes na base territorial das explotacións, as carencias na industria láctea e os problemas derivados da falta de organización na cadea de produtos lácteos. Estes primeiros meses posteriores á eliminación das cotas están a mostrar a severidade dos problemas aos que se pode enfrontar o sector lácteo galego en períodos de baixos prezos no mercado internacional como o actual no caso de non establecer as medidas adecuadas para enfrontarse a estes tres problemas. Os prezos están un 7% por baixo da media española e para un terzo dos gandeiros son inferiores a 0,25 euros (20 % menos que a media), ademais de reducirse tamén a recollida de leite por empresas sen establecementos industriais en Galicia. Por conseguinte, os seguintes apartados están dedicados a analizar os impactos e posibles solucións aos tres problemas acabados de enunciar.

### A mellora da base territorial das explotacións

Segundo un recente estudo da Comisión Europea os impactos da eliminación das cotas dependen sobre todo de dous factores:

– da competitividade das explotacións e a súa adaptación ás condicións dun mercado moi volátil

– da capacidade das industrias para xestionar e comercializar o aumento da produción.

De feito as estimacións sobre os posibles aumentos da produción a medio prazo baseáronse en gran medida nestes dous factores que sitúan a Irlanda, Holanda, Alemaña, Dinamarca, Polonia e Francia entre os países que poden aumentar máis dun 10% a súa produción, que debería ir canalizada á exportación, xa que o aumento do consumo no mercado comunitario é moi reducido. As perspectivas a medio prazo da Comisión prevén tamén un prezo medio de 0,35 euros para o leite, aínda que sometido a fortes variacións entre dúas franxas de 0,30 a 0,40 euros.

A viabilidade das explotacións neste escenario vai depender da súa capacidade de aumento da produción e da renda unitaria e da súa capacidade de xeración de reservas para superar períodos de prezos baixos. As posibilidades de aumentar a produción son limitadas polo menos a curto prazo polas restricións impostas polas industrias e pola falta de novos proxectos e investimentos realizados nos últimos anos. O aumento da renda unitaria vai depender sobre todo do control nos custos, posto que no lado dos ingresos a marxe de mellora vai continuar ser moi limitada, tanto polas perspectivas existentes para o prezo medio, que estaría só 2 céntimos por encima da media do últimos dez anos, como polas subvencións, que no mellor dos casos manteríanse ao nivel actual.

As posibilidades de redución de custos están centradas en gran medida na alimentación do gando, que equivale de promedio á metade do total. Por iso a mellora da competitividade na produción de leite está ligada en boa medida a acadar unha maior autonomía na produción de forraxes, que depende de dispoñer de máis terras e de melloras na produción, calidade, xestión e utilización deses forraxes.

A base territorial das explotacións está limitada, tanto pola superficie dispoñible como pola elevada parcelación que afecta á súa utilización e encarece o seu cultivo e tamén noutros casos por problemas de drenaxe das terras e escasa implementación do regadío. Esta limitación ocasionou unha maior dependencia nos alimentos comprados e resultou nun maior custo de produción. As explotacións trataron de superar esta limitación mediante unha maior utilización das

terras que tiñan a monte e o arrendamento. Pero estas dinámicas foron insuficientes para contrarrestar a perda de superficie polo conxunto das explotacións de leite, que contan con só unhas 239 mil ha de cultivos e praderías en 2013, que supoñen case un terzo menos das que tiñan ao comezo do período de cotas, uns vinte e cinco anos antes (**cadro 2**).

Non se entende que as terras que sustentan a principal produción da nosa agricultura ocupen tan só un 8% da superficie de Galicia. Esta realidade é incompatible coas declaracións públicas dos distintos gobernos da Xunta durante as últimas décadas en dous aspectos: por ser incapaces de establecer medidas eficaces para promover o aumento das terras nestas explotacións e por tolerar na práctica a forestación de terras agrarias. Nin a concentración parcelaria, tanto polo seu lento proceso de desenvolvemento como por non darlle prioridade a estes traballos nas zonas gandeiras, nin de modo máis recente o Banco de Terras foron instrumentos eficaces para ampliar a superficie destas explotacións. Precísanse de ferramentas máis áxiles para promover un maior volume de arrendamentos e desenvolver medidas concretas de transferencia de terras e o aumento do tamaño das parcelas; as ferramentas poden ser as concentracións a iniciativa de grupos de agricultores (co garante legal da administración) e as permutas, rebaixando incluso a superficie mínima contemplada no Decreto 91/1988.

| anos | Explot (miles) | Sup.agr util. (miles ha) | prod leite (miles l/ha) |
|---|---|---|---|
| 1989 | 85,8 | 352,4 | 4,00 |
| 1999 | 39,4 | 305,1 | 5,81 |
| 2009 | 15,3 | 249,7 | 9,23 |
| 2013 | 12,6 | 238,8 | 10,51 |
| 2013-1989 | -73,2 | -113,6 | 6,51 |

**Cadro 2.-** Evolución do número de explotacións e, superficie en miles e intensidade na produción de leite entre os anos 1989 a 2013. *(4)*

| Produtos elaborados | % | Capital | % |
|---|---|---|---|
| Leite envasado | 79 | Galicia | 31 |
| Queixos | 13 | Resto España | 19 |
| Produtos frescos | 2 | Multinacional | 50 |
| Produtos industriais | 6 | | |
| Total | 100 | Total | 100 |

**Cadro 3.-** Industria láctea de Galicia: produtos elaborados e capital das empresas (en % s. total). *(5)*

## As limitacións da industria láctea

En contraste coa producción a industria láctea galega ten un papel secundario no conxunto do sector en España, achegando só un 16% do valor da produción, que se reduce ao 10% en termos do valor engadido, contrastando así coa mencionada posición de liderado que ten Galicia na produción, cun 39% da recollida. As causas destas diferenzas son o menor valor engadido achegado nas fabricacións realizadas, cunha elevada dependencia no leite envasado do que gran parte é vendido baixo marca de distribución (MDD), e que un 35% do recollido sexa elaborado fóra de Galicia (**cadro 3**). Os resultados da industria están lastrados polo menor prezo obtido nas vendas do leite MDD, en parte causado pola debilidade e menor capacidade negociadora das industrias e noutra pola imposición de condicións e prácticas comerciais desleais por algúns grupos de distribución ante a pasividade das autoridades da competencia.

Despois das crises vividas en varias das que foron as principais empresas galegas (Larsa, Leyma/Lactaria, Lagasa) que resultaron na súa integración noutros grupos, tamén é de sinalar o baixo nivel do capital galego, tanto de capital privado como cooperativo, do que depende menos dun terzo do leite transformado en Galicia.

Estas limitacións da industria láctea son un factor de debilidade que cobra aínda unha maior importancia no novo escenario sen cotas, cando

Non se entende que as terras que sustentan a principal produción da nosa agricultura ocupen tan só un 8% da superficie de Galicia.

pode haber unha retirada de parte da recollida de leite por empresas sen establecementos industriais en Galicia ou aumentar o diferencial de prezos con outras zonas para compensar os maiores custos de recollida.

Non é doado conseguir cambios significativos nesta situación a curto prazo polos propios períodos necesarios para a realización de novos proxectos industriais e o volume dos seus investimentos. Con todo debería ser unha prioridade a promoción e apoio a proxectos industriais viables que axuden a aumentar a capacidade industrial, e a diversificación dos produtos elaborados, que debería incluír tamén a atracción de proxectos de investimento do exterior. Como liñas de actuación máis plausibles e non excluíntes están a mellora do valor e posicionamento das marcas no leite envasado, a recuperación de parte do mercado nacional cuberto por importacións principalmente de queixos, as actuacións innovadoras de alto valor engadido e o desenvolvemento de proxectos de produtos industriais para a regulación de excedentes de produción.

## As deficiencias na organización da cadea produtiva

Un terceiro problema pendente está nas deficiencias existentes na organización da cadea entre produtores, industrias e distribución alimentaria, que presenta notables desequilibrios na capacidade de negociación e na transmisión de prezos, cunha posición dominante da gran distribución que utiliza o leite MDD a baixos prezos como produto reclamo para atraer aos consumidores aos seus establecementos, provocando unha banalización do produto e unha presión á baixa nos prezos e marxes da industria e a produción.

A superación desta situación precisa dunha posición máis firme por parte das administracións agrarias no control e aplicación da normativa

As limitacións da industria láctea son un factor de debilidade que cobra aínda unha maior importancia no novo escenario sen cotas.



existente para promover unhas relacións máis equilibradas entre produtores e industrias (contratos agrarios e Organizacións de Produtores) e da lei de transparencia da cadea alimentaria, que están vixentes desde hai máis de dous anos pero cunha moi escasa aplicación na realidade.

Ante un escenario de elevada volatilidade de prezos, no que se acaba de eliminar a regulación do volume polas cotas, os contratos negociados entre as Organizacións de Produtores e as industrias parecen a solución máis adecuada para dar estabilidade e transparencia ás relacións entre produtores e industrias. A aplicación de índices de referencia e a fixación de dous volumes que poden ter prezos diferenciados permiten ir axustando as producións ás necesidades da industria e á situación do mercado *(8)*.

As Organizacións de Produtores son o mellor instrumento para a organización das relacións entre produtores e industrias, tendo en conta o peso reducido das cooperativas. O seu papel non só é relevante nunhas negociacións de prezos e nuns termos dos contratos máis equilibra-

os contratos negociados entre as Organizacións de Produtores e as industrias parecen a solución máis adecuada para dar estabilidade e transparencia ás relacións entre produtores e industrias.

dos, senón que tamén pode ampliarse á xestión dos volumes en situacións de crises de mercado con retirada de excedentes, tal como lles recoñece a normativa comunitaria. Por iso é urxente dotarlles dos medios necesarios para a súa operatividade e dun apoio máis decidido por parte dos propios produtores e das administracións agrarias.

## Conclusións

As perspectivas da produción de leite sen cotas en Galicia dependerán das tendencias xerais do mercado, pero tamén de cómo se resolvan tres asuntos de especial relevancia:

**1)** A mellora da competitividade na produción de leite, ligada a acadar unha maior autonomía na produción de forraxes, que depende de dispoñer de máis terras, así como tamén das melloras na produción, calidade, xestión e utilización deses forraxes, e da adaptación da produción á nova situación de maior variabilidade nos prezos do leite e dos concentrados.
**2)** A capacidade da industria para xestionar, procesar e colocar no mercado (interno ou exterior) estes aumentos de produción.
**3)** Do establecemento dunha maior estabilidade nas relacións entre produtores de leite, as industrias e a distribución alimentaria para limitar os efectos desa variabilidade nos prezos e na xestión dos volumes.

Nestes tres asuntos as administración agrarias teñen un papel relevante coa aplicación das políticas axeitadas e no control da aplicación da normativa existente. Neste senso hai que sinalar a carencia dun plan estratéxico para o conxunto da cadea láctea que se debera ter establecido antes do desmantelamento das cotas, tal como procederon outros países nos últimos anos. ■

Hai que sinalar a carencia dun plan estratéxico para o conxunto da cadea láctea, que se debera ter establecido antes do desmantelamento das cotas.

## REFERENCIAS

1) EU historical prices. European Milk Market Observatory.

2) Precios percibidos y pagados por los agricultores. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

3) Resultados do Programa de Xestión de vacún de leite en Galicia para anos 2000 a 2005, Consellería do Medio Rural. Proxecto Xestión Explotacións Leite para anos 2006 a 2014,Universidade de Santiago de Compostela.

4) Datos elaborados de los microdatos de la Encuesta de estructura de las explotaciones agrícolas 2013. Instituto Nacional Estadística. Utilizamos esta fuente por poder dar una visión conjunta de las explotaciones según las principales orientaciones productivas y sus principales características estructurales y económicas.

5) Datos recollidos e contrastados con expertos sector lácteo de Galicia.

6) Sineiro García F., López Iglesias E., Ribas Alvarez A., Lorenzana Fernández R. (2006). Los factores explicativos del ajuste estructural reciente en las explotaciones de vacuno de la Cornisa Cantábrica. En Políticas agrarias y ajuste estructural en la agricultura española, 291-325.Serie Estudios nº 162. Ed. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

7) López Iglesias, E., Sineiro García F., Lorenzana Fernández R.,(2013). Proceses of farmland abandonment : land use change and structural adjustment in Galicia (Spain). In Agriculture in Mediterranean Europe. Research in Rural Sociology and Development, 14, chapter 5, 91-120, 2013.

8) Santiso Blanco J., Sineiro García F., 2014. Nuevas estrategias de colaboración en el sector lácteo en un horizonte sin cuotas. Premio Instituto Tomás Pascual Sanz. Real Academia de Ciencias Veterinarias de España, 2014.

# A desaparición de cotas: ¿ameaza ou oportunidade?

José Ángel Burgo Rodil

Máis aló da conxuntura actual de baixos prezos recibidos polos produtores, o escenario sen cota láctea é unha oportunidade para o sector lácteo galego. Para aproveitar esta oportunidade será necesario acometer unha serie de tarefas que requirirán a participación e a involucración dos distintos axentes do sector e da sociedade galega no seu conxunto.

**José Ángel Burgo Rodil**
Enxeñeiro Agrónomo. Desde 2003, funcionario do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de enxeñeiros agrónomos. Na actualidade, Subdirector Xeral de Xestión da PAC no organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) da Consellería do Medio Rural.

O novo escenario sen cota láctea é unha oportunidade para o sector lácteo galego, non exento de incertidume e de necesarios cambios, pero á fin e ao cabo unha oportunidade. Neste artigo recóllense argumentos que fundamentan esta afirmación. Antes de expoñer devanditos argumentos, é conveniente facer unha breve reflexión sobre a conxuntura actual do mercado lácteo e de como se chegou ata aquí.

**1.** A Axenda 2000 (unha das reformas da PAC) estableceu axudas directas á renda dos produtores de leite, cuxa operatividade estaba prevista a partir do ano 2005. Con todo, a reforma intermedia da PAC en 2003 introduciu unha redución do nivel de apoio ao mercado, especialmente mediante a redución gradual, a partir do 1/07/2004, dos prezos de intervención da manteiga e do leite desnatado en po co fin de fomentar o consumo de leite e produtos lácteos na UE e mellorar a competitividade nos mercados internacionais. Para compensar os posibles efectos que sobre as rendas dos produtores puidese ter esa redución, adiantouse e incrementouse a dotación das axudas directas para este sector. Estas axudas foron unha gran novidade pois ata ese momento os produtores de leite de vaca da UE non recibían ningunha axuda directa ligada ao leite (aínda que sí por cultivos herbáceos como o millo, ou polo sacrificio de animais). A nivel nacional, o sector percibiu 65,88 millóns de euros en 2004, 131,70 millóns en 2005 e 198,30 en 2006, importe que ese ano foi incorporado ao réxime de pago único e que desde entón percibiron todos aqueles que activaron os seus dereitos. Este importe supuxo anualmente uns 3 céntimos/kg de cota dispoñible.

Nesa reforma intermedia prorrogáronse por última vez as cotas lácteas por un período de 11 anos, poñendo xa a "data de caducidade" no 31/03/15. No Recoñecemento Médico da PAC

de 2008 a caducidade do réxime de cotas non foi en ningún momento obxecto de debate, pero si se examinaron as medidas máis oportunas para que se producise a denominada “aterraxe suave” cara ao final do sistema. Neste sentido, optouse por novos incrementos das cotas dos EE.MM. (5% en 5 anos) e abríronse novas posibilidades de apoios directos ao sector. En España as repercusións foron:

• Implantación da “cesión temporal gratuíta de cota procedente da reserva nacional” e

• A posta en marcha de 2 novas axudas para o sector:

– Axuda para compensar desvantaxes específicas que afectan os agricultores do sector lácteo.

– Axuda para fomentar a produción de produtos lácteos de calidade.

En conxunto, en España os apoios directos (pago único máis axudas específicas) ao sector supuxeron anualmente ata 2014 uns 4 céntimos por kg de cota. Doutra banda, a aplicación en España da reforma da PAC 2014-2020 garante a continuidade destas axudas e mesmo un incremento das mesmas debido a un aumento do 63% no orzamento dispoñible para a axuda asociada ao vacún de leite.

**2.** Desde 2007 os prezos do leite pagados ao gandeiro na UE, en España e en Galicia, evolucionan en consonancia cos prezos mundiais e xorde a denominada **volatilidade** dos prezos, con baixadas (2009, 2012 ou 2015) e con subidas (2008 ou 2013). Por tanto, as subidas e baixadas producíanse tamén co réxime de cota láctea en vigor e ademais, a cota láctea non garantía prezos superiores aos actuais (véxanse os datos de prezos dos anos 2012, 2010 ou 2009). Esas variacións ou volatilidade ocorren en todos os países do mundo con produción láctea orientada ao mercado. A orixe das mesmas está nas regras do mercado, basicamente a oferta e demanda sobre as que inflúen e moito, condicionantes climatolóxicos (secas, xeadas, etc), xeopolíticos (por exemplo, o veto ruso, a compra masiva de leite por parte de China tras o escándalo da melamina...), macroeconómicos (como a crise económica ou a actual baixada dos prezos do petróleo que ocasionou unha caída da demanda en países importadores como Alxeria), etc. En definitiva, en Galicia e en España os prezos pagados aos gandeiros evolucionan en consonancia co resto da UE e do mundo, isto é en función dos produtos industriais (basicamente, leite desnatado en po e manteiga).




**Gráfico 1.-** Coeficientes de correlación (R) entre o prezo do leite en España e os dos produtos lácteos industriais, con diferentes períodos e desfases no tempo.

A situación actual dos prezos pagados aos productores responde a un desaxuste entre a oferta e a demanda.

Consecuentemente, a situación actual dos prezos pagados aos produtores en Galicia e no resto do mundo non garda unha relación biunívoca coa desaparición das cotas lácteas na UE senón que responde a un desaxuste entre a oferta e a demanda similar aos producidos en anos previos.

**3.** A comparación directa dos prezos pagados aos gandeiros en distintas zonas da UE non é obxectiva e resulta enganosa.

• En primeiro lugar, para que os prezos fosen comparables habería que tipificar o leite e logo comparar os prezos pagados por ese leite tipo, é dicir, comparar os prezos pagados por leite cun contido de graxa e proteína (como mínimo) estándar. Esta estandarización ten moita relevancia pois como se ve no **gráfico 2** existen im-




**Gráfico 2.-** Porcentaxe de graxa e proteína no leite dos principais produtores europeos.
*Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.*

portantes diferenzas na porcentaxe de proteína e sobre todo de materia graxa do leite producido en distintos Estados (no gráfico reflíctense os 10 EE.MM. con maior produción). Como se pode observar, o leite producido en España é o que tiña unha menor % de graxa e unha das menores de proteína.

Estandarizando o leite dos países da UE de acordo aos parámetros de porcentaxe de materia graxa e de proteína publicados na páxina web de Eurostat (**gráfico 3**), obsérvase que o prezo pagado en Galicia en agosto de 2015 foi similar ao de Alemaña, Irlanda e Holanda.

• En segundo lugar, ao comparar as diferenzas de prezo entre distintas zonas tamén habería que ter en conta os custos loxísticos do leite ata que chega ao momento de venda, é dicir, os custos da recollida nas explotacións e da distribución tras o seu procesado ata o punto de venda ao consumidor. Nestes custos inflúen fundamentalmente dous factores:

– O tamaño e dispersión das explotacións.
– A distancia aos centros de consumo.

**4.** Todos estes elementos (axudas directas, volatilidade e a tipoloxía do leite producido) son aspectos que obviamente hai ter en conta ao realizar análises comparativas de rendas ou marxes entre anos e/ou territorios.




**Gráfico 3.-** Comparativa de prezos de leite estandarizado a 4%G e 3,3%P.

### Argumentos que fundamentan que o novo escenario sen cotas lácteas é unha oportunidade para o sector lácteo galego

**1.** Galicia ten unhas condicións edafoclimáticas inmellorables para este tipo de produción. Así se desprende de estudos realizados polas institucións comunitarias, que sitúan ás comarcas leiteiras de Galicia entre as rexións con mellores condicións para a produción láctea.

**2.** A diferenza doutras zonas produtoras da UE, actualmente en Galicia non existen problemas ambientais que poidan limitar a expansión da produción leiteira.

**3.** Sector produtor profesionalizado e con boas instalacións, especialmente no 30% das explotacións que aglutinan o 70% da produción láctea de Galicia.

**4.** Rabaño leiteiro de alto valor xenético como resultado dos programas de mellora (con posibilidade de mellora continua en base a Xenética Fontao, S.A.) e cun status sanitario moi elevado.

**5.** Galicia aglutina case o 40% da produción láctea de España. Esta concentración da produción en Galicia e as previsións dos produtores mellor dimensionados de aumentar a súa produción a curto-medio prazo espertan o interese de industriais por facer investimentos en Galicia. Neste sentido, hai que lembrar que no período 2002-2013 a produción láctea de Galicia aumentou un 26,47%, o que supuxo o cuarto maior incremento das 10 rexións europeas con maior produción actualmente.

**6.** Instalacións industriais existentes e infraestrutura de recollida. Existencia dunha capacidade instalada de tratamento de leite moi importante, aínda que fundamentalmente centrada na obtención de UHT. Asociada a ela está operativa unha importante infraestrutura de recollida con empresas de transporte, compradores, centros de recollida, etc.

**7.** Novos proxectos industriais en Galicia para a fabricación de produtos lácteos de alto valor engadido. Industriais e grupos de produtores (cooperativas) mostraron e mostran interese por realizar investimentos en Galicia para obter produtos lácteos de alto valor engadido e de demanda crecente.

> No período 2002-2013 a produción láctea de Galicia aumentou un 26,47%, o que supuxo o cuarto maior incremento das 10 rexións europeas con maior produción.

### Tarefas a acometer para aproveitar esta oportunidade

**1.** O paquete lácteo. Débense aproveitar todas as súas potencialidades como ferramenta de vertebración e estabilización sectorial. Neste sentido son fundamentais:

• Os contratos lácteos de polo menos 1 ano de duración con prezos variables e referenciados a índices.

• As funcións que poden levar a cabo as organizacións de produtores:

– Concentrar a oferta e levar a cabo a comercialización da produción dos seus membros.

– Garantir que a produción se planifique e axústese con arranxo á demanda, sobre todo no referente á calidade e á cantidade.

– Optimizar os custos de produción e estabilizar os prezos de produción .

**2.** Promover a instalación en Galicia de novos proxectos industriais para elaborar produtos lácteos de maior valor engadido. Neste sentido os fondos dispoñibles no PDR de Galicia 2014-2020 poderán servir como un catalizador fundamental.

**3.** Facilitar o acceso á terra para a produción de forraxes. Ademais do impulso que as Administracións deben exercer neste asunto, tamén hai que ter en conta que gran parte das familias de Galicia son, en maior ou menor medida, propietarias de terras susceptibles dun aproveitamento agrario e por tanto, a sociedade galega no seu conxunto debe participar nesta tarefa facilitando o acceso a esas terras (sen cuestionar en ningún momento a propiedade) que en moitos casos están infrautilizadas cando non simplemente abandonadas.



Deberíase facilitar o acceso á terra, que en moitos casos están infrautilizadas, para a produción de forraxes.

**4.** Formación continua e transferencia de coñecementos: Nun sector tan esixente en coñecementos como este , é necesario que produtores e transformadores teñan acceso a unha adecuada formación e transferencia de coñecementos. Neste sentido, o labor dos centros públicos de formación e de investigación (escolas de capacitación, Centro de investigacións agrarias de Mabegondo CIAM, Aula de produtos lácteos, etc.) e das Oficinas Agrarias Comarcais, co apoio entidades de asesoramento e xestión, serán fundamentais.

**5.** Promover o consumo de produtos lácteos en xeral e en especial dos produtos de calidade diferenciada (Agricultura ecolóxica, queixos con DOP, etc.) e, asegurar un adecuado tratamento dos mesmos nos puntos de venda (distribución e hostalería).

En resumo, que o novo escenario sen cotas lácteas sexa unha oportunidade para o sector lácteo galego, e polo tanto para o conxunto de Galicia, require acometer tarefas por todas as partes: produtores, empresas de subministracións e servizos, industriais, distribución, hostalería, Administracións e sociedade no seu conxunto.

**Bibliografía**

Comisión Europea. Observatorio Europeo do mercado do leite. Short-Term Outlook Summer 2015.
Ernst & Young. Analysis on future developments in the *milk sector. Setembro 2013
Eurostat.

# El sector lácteo, en la encrucijada

José Luis Antuña Álvarez

Cada pocos años, los precios de la leche caen por debajo de los costes de producción, el sector se revoluciona y deja en el camino una parte de sus efectivos. Esa sería una síntesis apresurada de las crisis cíclicas del sector lácteo gallego. Ahora, la desaparición de las cuotas ha traído consigo la tormenta perfecta, más oferta y menos demanda y puede que esta primavera la recogida de leche esté en peligro. Galicia tiene condiciones para consolidarse como potencia láctea, pero es necesario abordar acciones de ámbito estructural.

**José Luis Antuña Álvarez**
Director general
FEIRACO,
S. COOP. GALEGA

Cada vez que los precios de la leche disminuyen por debajo de los costes de producción, el sector se revoluciona y deja en el camino una parte de sus efectivos. Esa sería una síntesis apresurada de las crisis cíclicas del sector lácteo gallego. Si partimos de la incorporación a la Europa de los doce y el posterior establecimiento de las cuotas a la producción láctea y la aplicación simultánea de mecanismos de estímulo al abandono de explotaciones no eficientes, o con problemas de relevo generacional, y de ayudas contempladas en las distintas políticas agrarias (PAC), el sector ha vivido una gran convulsión social, con la desaparición del 90% de las explotaciones lácteas, de 100.000 a menos de 10.000, y prosigue el ajuste. No ha sido un fenómeno exclusivo de Galicia y España sino una tendencia general a la disminución de la población y las explotaciones agrarias en Europa, fruto de la evolución social hacia la vida en las ciudades y nuevas oportunidades laborales que el desarrollo trajo consigo. Los datos señalan que en el resto de España, en igual periodo, cerraron más del 80% de las explotaciones, y en países productores como Alemania, Reino Unido, Dinamarca e Italia desaparecieron cerca del 75%. Una convulsión que no se corresponde con la realidad económica del sector, pues a pesar de todas las dificultades, y de la percepción social de que estamos ante un sector en crisis permanente, en las tres décadas transcurridas desde la integración en la UE el sector lácteo prosiguió en Galicia con un notable dinamismo productivo. Así, la producción de leche se multiplicó en el período 1985-2014 por 1,6, pasando de 1.600 a 2.600 millones de litros. Ese incremento de la producción tuvo como consecuencia otro incremento muy significativo de la participación de Galicia en la producción láctea española: del 26,9% en 1985 al 38,8% en 2014.

En el sector lácteo se encuentran, además, la mayor parte de las explotaciones de mediana y gran dimensión, que constituyen el "núcleo duro" del sector agrario gallego. Son todavía minoritarias en número pero ya juegan un papel fundamental en la gestión del territorio y, sobre todo, en la generación de ingresos. Si en Galicia en torno a 10.000 explotaciones agrarias obtienen una producción anual superior a 48.000 euros, el 65% son de leche, se inscriben en la "orientación técnico bovina" de leche, según el último informe de Foro Económico de Galicia. Contando con 6.500 explotaciones medianas y grandes y una producción de 2.600 millones de litros, Galicia refuerza su posición de primera zona productora de España y está entre las 10 primeras regiones lácteas de la UE. Una posición que no se corresponde con la percepción social de que estamos en un sector en crisis permanente. Galicia es la región europea con mayor crecimiento relativo, alcanzando el noveno lugar entre las regiones lácteas de la Unión Europea.

### La crisis, un fenómeno recurrente

La primera observación que hacemos de estos datos sectoriales es que la transformación del sector lácteo gallego ha ido en consonancia con la modernización del sector en Europa: se incentivó el abandono de los ganaderos más pequeños o no profesionalizados, así como la adquisición de cuota por los que querían continuar la producción y ganar dimensión. Y en todo este período las crisis, como la de ahora, desatadas por el bajo precio de la leche, son cíclicas y recurrentes, solo que visto desde el análisis estadístico la lectura tiene muchos matices. El primero es que la leche hace mucho tiempo que no es un producto regional, es una materia prima alimentaria global. Sabemos dónde se produce, cuánto cuesta producirla, cuánto se envasa en un cartón o se destina a la producción de derivados lácteos. Y sabemos también cómo son los mercados y flujos comerciales. Segundo, que el precio de la leche lo fija el mercado, como cualquier otro producto, con lo que es en los márgenes donde podemos trabajar. Ahí hemos hecho parte de los deberes en el campo, con un mejor control económico financiero de las explotaciones, además de procesos de mejora en la seguridad alimentaria, la calidad, la sanidad animal y el manejo. Pero en el modelo productivo hemos profundizado justo en el que menos conviene a la rentabilidad de la explotación. Se trata de un modelo intensivo en el que los insumos para alimentación animal constituyen el coste más relevante, cuyo precio depende de la cotización internacional de cereales y oleaginosas. Costes globales con un peso de los forrajes de producción propia escaso, que incrementa la dependencia alimentaria de la explotación. Y cuando el precio baja la crisis vuelve de manera cíclica, aproximadamente cada tres años.

> En las tres décadas transcurridas desde la integración en la UE, el sector lácteo prosiguió en Galicia con un notable dinamismo productivo.

> Hemos profundizado en el modelo productivo que menos conviene a la rentabilidad de la explotación.

### Lo que ocultan los precios medios

Cualquiera que haya visto los tractores en las calles de las ciudades gallegas, o impidiendo el libro acceso a las fábricas o a la distribución, se hará la idea de que el bajo precio de la leche es el factor determinante, y quisiera comparar qué ha sucedido en otros momentos con los bajos precios de la leche y los costes alimentarios. No es exactamente la misma crisis, ahora los precios de las materias primas están muy bajos, con lo que el margen es superior. Sin embargo, la desaparición de las cuotas ha traído consigo la tormenta perfecta, más oferta y menor demanda, con un incremento de la producción de leche en todo el mundo coincidente con una disminución o ralentización del consumo, tanto por problemas geopolíticos, como el embargo a Rusia o el menor crecimiento de China –con una disminución del 25% en sus importaciones lác-

teas– como por el desarrollo de productos alternativos de base vegetal. En consecuencia, se ha producido una bajada del precio de la leche con cotizaciones anormalmente bajas y similares a los de Nueva Zelanda, y lo que es peor, es posible que en esta primavera la recogida esté en peligro, tanto por las reservas europeas de leche en polvo, situadas en máximos, como por la falta de mercado a cualquier precio. El precio medio de la leche en Galicia, entre 28 y 30 cm, esconde la tremenda realidad de excedentes a 18 cm, una situación insostenible que, además, está trasladando el bajo precio de la leche destinada a derivados lácteos a la que se envasa para el consumo cotidiano, el brik de larga vida. Por otra parte, la progresiva disminución del precio de intervención, de leche en polvo y mantequilla, que la Unión aplica a los excedentes, desde un contravalor 0,28 cm hasta el actual de 0,21cm, ha establecido un escenario de difícil resolución en época de crisis.

### Diagnóstico compartido

Coincidimos con los expertos del Instituto de Desenvolvemento de Galicia en que, por su peso en el sector lácteo español, su valor económico en la renta agraria gallega, como sector que aporta una renta recurrente mensual al campo, por las industrias de piensos, la maquinaria, los profesionales ganaderos y los técnicos que se disponen, Galicia tiene condiciones para consolidarse como la principal potencia láctea de España, con papel relevante en la UE en un contexto sin cuotas. Las acciones que se proponen son de ámbito estructural: reorientación del modelo productivo de las explotaciones hacia producciones menos intensivas, de leche con mayor contenido en grasa y proteínas, los sólidos lácteos indispensables para la industria de derivados lácteos; mejora de la organización de la cadena de valor, de las relaciones entre ganaderos, industrias y distribución, que está topando con la reticencia de la distribución en proporcionar transparencia a la cadena con la publicación de los precios de cesión de la industria, tal como es obligatorio en las relaciones de la industria con la producción; y reforzamiento de la industria láctea, que discurre por varias vertientes, que no se pierda tejido industrial, y que se pongan sobre la mesa nuevos proyectos y alianzas de dimensión global, como está sucediendo en otra regiones lácteas europeas.

> Es necesario que no se pierda tejido industrial y que se pongan sobre la mesa nuevos proyecto y alianzas de dimensión global

### Medidas estructurales

Si hablamos de soluciones a medio y largo plazo, para el sector es imprescindible ser realistas y abordar primero las medidas que dependen del propio sector, como  el incremento de la superficie agraria de las explotaciones, en alquiler o en compra. Para ello es imprescindible una reforma agraria sobre la propiedad y transmisión de la tierra adaptada a las necesidades del siglo XXI, lo que permitirá la reorientación del sistema productivo de las explotaciones cara a modelos menos dependientes de insumos externos. También la concentración de las cooperativas, eliminando ineficiencias de gestión y posibilitando la creación de grupos de mayor dimensión; la comercialización de leche por las cooperativas alcanza en España al 30% de la producción, frente al 60% en Alemania y Francia o el 80% en los países nórdicos y Países Bajos, grandes grupos cooperativos que además han hecho las mayores inversiones en el sector durante  los últimos años, el 70% de los más de 2.000 millones de euros de inversión realizada entre 2012-13; pretenden con ello afrontar una demanda mundial sostenida, según un informe de la Comisión Europea, del entorno del 2% anual hasta 2022. En Galicia, la inversión en Clesa de un grupo de cooperativas lideradas por Feiraco, muy modesta en valor, ha devuelto a los activos gallegos de la antigua compañía líder a su plena operatividad.




**Gráfico 1.-** Inversiones de más de 40 millones de euros (anunciadas/realizadas) entre 2012 y 2013 para productos lácteos secos.

Y en referencia a dar un impulso a los mecanismos de estructuración de la cadena de valor láctea, ya se han implementado medidas contempladas en el "paquete lácteo", trasposición de la directiva europea, en cuanto al contrato lácteo, que ,como ya apuntamos, obliga a las industrias en su relación con los ganaderos, pero no a la distribución. Esperábamos la publicación del decreto que obliga a hacer transparentes los precios de cesión a la distribución, que parece que no va a publicarse de inmediato, y sin esta decisión la cadena de valor queda descompensada. Asimismo, el funcionamiento de las organizaciones de productores para concentrar la oferta no está dando los resultados esperados. Y otras medias, como la potenciación de la interprofesional y la generación de una marca de garantía PLS, sumada en Galicia a la marca "Galega 100%", tampoco se desarrollan de manera adecuada.

Esperemos que las campañas previstas para la estimulación de la oferta den resultado y se frene la caída del consumo.

## Actuar en un mundo globalizado

Tenemos acceso a todas las fuentes de información sectorial y conocemos lo que ocurre en el mundo de la leche, una *commodity* global, nuestros problemas no son europeos ni regionales. Disponemos de índices lácteos de referencia para la evolución de los precios en cualquiera de las economías avanzadas, y por supuesto en Galicia. Pero a la hora de tomar decisiones actuamos en lo local, despreciando lo que conocemos que está pasando.

Si hay una contracción del consumo interno y de la demanda global no es el momento de incrementar la producción por más que el precio de las materias primas para la alimentación animal haya caído drásticamente. Como decíamos, estamos en la tormenta perfecta, menos con-



sumo y más producción y seguimos con una oferta atomizada en Galicia, y una dimensión cooperativa escasa frente a grandes grupos cooperativos globales, que por cierto son los grandes inversores de la última década, preparándose para una futura demanda sostenida de leche y derivados. No se trata de envasar más paquetes de leche, sino de generar industrias basadas en el conocimiento que compitan en nuevos segmentos de la demanda. El retraso histórico en la dimensión de las industrias nos obliga a buscar ahora otras soluciones innovadoras. Afortunadamente, alguna industria láctea gallega tiene estas características, una *spin off* de la universidad que incorpora un proceso innovador capaz de generar valor en un segmento del mercado. Y apostar por la diferenciación de los productos y las marcas de calidad, que como comentamos está en entredicho, no se corresponde el desarrollo de las marcas con su banalización.

Nuestro objetivo es actuar en diferentes líneas, dar la debida importancia a los sólidos lácteos, que inciden en la formación de los precios y que requiere de nuevos modelos productivos no intensivos. Las explotaciones lácteas podrían generar rentas alternativas como en otras regiones lácteas europeas y debemos trabajar en ese sentido. Necesitamos masa crítica para buscar alianzas que generen valor: Bretaña produce el doble de leche que Galicia y su oferta concentrada permite la entrada de socios globales especializados. Potenciar debidamente el Centro Tecnológico Lácteo para generar innovación, el valor generado del futuro.

Se trata de generar industrias basadas en el conocimiento que compitan en nuevos segmentos de la demanda.

En la parte valle del ciclo nos hemos equivocado en los criterios inversores, generando problemas de caja, endeudamiento no controlado, porque crecimiento y renta no van de la mano. Cuando vuelvan a subir los precios, tal vez en 2017, todo volverá a ser como antes. Y también tal vez los tractores, tres años, después vuelvan a las calles y la distribución continúe sin contribuir a la estructuración del sector. Veremos si hay personas que sean capaces de realizar las tareas que tenemos diagnosticadas y las medidas que tenemos identificadas. Los sectores no crecen sin liderazgo y empresas tractoras. ■

Veremos si hay personas que sean capaces de realizar las tareas que tenemos diagnosticadas y las medidas que tenemos identificadas.

• c • a • d • e • r • n • o • s •

CES GALICIA

Consello Económico e Social de Galicia

www.ces-galicia.org